

“ A TÍ, SEMENTADOR DE CULTURA ”

Randulfe a honra tende ser o berce de Manuel Orestee Paradela a grande gloria de ver como un dos seus fillos, Oreste dignísimo, brilla para sempre con luz propia no grandioso universo das letras.

Poeta, “Ti es eterno”!

A túa voz enchida de auténtico sentimento clama e berra demandando e reivindicando un mundo que sexa verdadeiramente xusto.

Humanista, filósofo...

un sementador da cultura galega que, polos eidos do mundo, vai facendo regos, abrindo camiños, desbrozando o inculto para convertilo en verxel, paraíso labrado polos seus versos, versos que son incisiva punta para abrir en trozos ata as mesmas rochas desta dura terra.

A prosa dos seus artigos e relatos

Son camiños onde xermola a pureza da mellor calidade trascendente do facer literario.

Os seus contos, “ A Meiguiña...”,

Foron feitos reais na súa péñola de inspiración grandiosa.

“Vivimos Unha longa traxedia”,

premonición, do profeta literario, do bardo actor da grandiosa vida do mellor traductor. Polifacético, home de mente plural e de horizontes claros e amplos pero ,sempre cos pés ben asentados na súa terriña querida, a súa Paradela amada, ese pobo que está pletórico porque o seu Fillo Predilecto, o ínclito Manuel Oreste Rodríguez López, grande sobre todas as cores e brillante por luz propia nos eidos culturais da nosa terra galega.

Nesta data,

XXV anos que no ceo está quen nunca para nós morreu,
Manuel Rodríguez López,

Nestes eidos galegos sempre estará vivo, as súas culturais
pegadas son inesquecibles ,
Son camiño onde cantan as rodas do carro labrego
e zoan os ventos dun esperanzador progreso.

Aproveitamos esta relevante data
para pedir, o que Paradela ben desexa,
que Manuel Oreste,
sexa nomeado persoeiro das Letras Galegas.

Pepe Pol